

TRES OBRAS lle abondaron a Marcos S. Calveiro (Vilagarcía de Arousa, 1968) para conseguir o recoñecemento da crítica e a entrega do lectorado. Coa súa primeira incursión na narrativa infantil e xuvenil, *Sari, soñador de mares* (2005) amosou o seu dominio da lingua e da tradición, porque Sari viaxa cun Simbad que pode ser o mesmo que un día Álvaro Cunqueiro colocou en terra firme. Despois engaiolou con *Rinocerontes e quimeras* (2007), pola súa conseguida ambientación circense e pola forza duns personaxes-monstro que sendo varios eran á vez un, imaxes distorsionadas dun mesmo espello. Na súa última obra, *O carteiro de Bagdad* (2007), Premio Ala Delta, somerxeuse con sensibilidade absoluta na vida dunha familia iraquí e nos movementos dunha cidade que tenta erguerse tras a catástrofe.

Calveiro ten un ollo de boi dende o que mirar a vida, www.alfaiaas.blogspot.com, e dende alí cóntalles aos seus lectores que a súa escrita é unha carreira de obstáculos para chegar ao final, “para pechar o círculo máxico”. Esta é a semente que fai agromar toda a súa obra: o remate. Un remate que é aberto, libre, esperanzado e que deixa moitas imaxes da obra dispostas a que sexa a lectora quen as resolva sen saír do mundo que construíu o autor. Porque os seus universos son sempre afastados –como Estremado Mar, o lugar ao que Sari nos leva canda si, ou como o Bagdad en que Ibrahim reparte cartas que son retallos de esperanza–, mais el é quen de evocalos a través de todos os sentidos. O autor, case sen se decatarse, consegue cumprir esa máxima que di que a literatura nos transporta aos lugares en que non estivemos e que algunha vez imaxinamos. A isto non é allea a súa prosa concisa e fondamente lírica, que tanto se asenta no poder da palabra coma convida a reparar naquilo que semellaba insignificante. Porque a súa é a poética do cotián, da rutina vista dende os ollos dos seus personaxes. Dende que os seus lectores coñecemos aos nenos-monstros de *Rinocerontes e quimeras*, os límites do normal e do estraño mudaron no noso imaxinario; dende que soubemos da historia de Abdul tomamos consciencia de que nas situacións máis terribes tamén se impón a normalidade se é un quen a busca. Porque o tempo, como lembra a súa escrita, é un elemento estraño que nunca poderemos controlar. Se ás veces fica inamovíbel e estático, un día rebélase contra a súa tendencia natural e transfórmao todo inexorabelmente. As horas e os días, aínda que soñemos con que non pasen, acaban por mudar as persoas e as cidades. O máxico é que ás veces o fan para amosarlles cal é o camiño á propia liberdade. E así, saltando obstáculos, péchase o seu particular círculo máxico. **//Montse Pena Presas**